

estratexias de animación á lectura Estratexias de animación
á lectura estratexias de animación á lectura estratexias
de animación á lectura **estratexias de animación**
á lectura estratexias de animación á lectura
Estratexias de animación á lectura estratexias de animación



ESTRATEGIAS DE ANIMACIÓN Á LECTURA



¡NON É TAN DOADO SER NENO!

Obxectivo xeral

Nesta obra a autora presenta un tema delicado dunha forma desdramatizada, mesmo con sentido do humor. Describe os sentimentos dunha vítima de acoso escolar, pero desde unha óptica positiva, buscando sempre solucións e nunca culpables.

A realización destas actividades permitiranos:

- Gozar da lectura dunha obra de gran calidade literaria.
- Fomentar a creatividade literaria.
- Reflexionar sobre o acoso escolar e previr condutas violentas na escola.
- Valorar a amizade e propiciar o coñecemento entre os compoñentes do grupo.
- Aprender a resolver conflitos.

Orientacións

A obra está escrita en primeira persoa e reflicte moi ben a maneira de falar e o pensamento dun neno de dez anos. De fácil lectura, manterá o interese dos lectores, que se identificarán co protagonista e queren acompañalo ata ver solucionado o seu problema.

Cómpre prestar especial atención en caso de que na aula algún neno/a estea sendo obxecto de burlas ou de acoso por parte dos seus compañeiros. Pode ser unha boa ocasión para afrontar o problema.

ACTIVIDADE 1

(Antes da lectura): **FÁCIL OU DIFÍCIL**

Obxectivos

- Espertar curiosidade pola obra e facilitar un primeiro contacto positivo co libro.
- Reflexionar sobre a infancia como etapa da vida.

Descrición

Preséntase o libro aos futuros lectores e lectoras facendo especial fincapé no título.

Abrirase debate sobre o nivel de acordo ou desacordo con esa afirmación: ¿Pensades que ser neno é doado ou difícil? ¿Por que? É máis difícil ser neno que ser adulto ou ser vello? ¿Se puidédeses elixir neste momento, que vos gustaría ser: nenos, mozos, adultos ou vellos? ¿Por que? ¿Para facer que?

Realizar (individualmente, en grupos ou toda a clase) unha lista das dificultades e as facilidades, vantaxes e inconvenientes, de ser nenos. Segundo os resultados do debate anterior, pódense elaborar listas similares para as outras etapas da vida (mocidade, idade adulta, vellez) e establecer comparacións.

Facer hipóteses acerca da dificultade, o conflito, que orixina non só o título, senón toda a obra.

3

Orientacións

O/a profesor/a decidirá se adiantar o tema da novela ou deixar que se descubra coa lectura.

ACTIVIDADE 2

(Antes e durante lectura): **DO CAPÍTULO AO CONTO**

Obxectivos

- Fomentar a creatividade literaria.
- Motivar a lectura do libro.
- Practicar a lectura en voz alta.
- Familiarizarse coa estrutura por capítulos e a función dos títulos.

Descrición

O/a profesor/a explicará/lembrará que é a división por capítulos dun texto narrativo. Explicará tamén a función do título e as características.

Entre toda a clase lerase o índice da obra. Aclararanse dúbidas acerca do significado e sentido de cada unha das expresións que figuran nel.

Repartiranse os títulos entre os nenos e as nenas. A partir do título que a cada un lle corresponda deberán crear unha historia breve (10-15 liñas). Pódese indicar a obrigatoriedade de que estea contada en primeira persoa, o igual que o libro. Estas historias gardaranse para ser lidas máis adiante.

O libro irase lendo en días sucesivos, en clase, en voz alta, capítulo por capítulo. Antes de comezar a lectura de cada capítulo lerase o título e lanzaranse hipóteses acerca do contido, tendo en conta o lido ata o momento. Apuntaranse no encerado e posteriormente á lectura contrastaranse con esta, comprobando o nivel de previsión acadado.

A seguir o/a alumno/a que, ao empezar o libro, escribiu o relato correspondente a ese capítulo, lerao en voz alta. Comentarase entre todo o grupo aclarando o que non se entendeu, subliñando os acertos, apuntando correccións oportunas desde o punto de vista literario e, sobre todo, reflexionando acerca das similitudes e semellanzas co argumento de *¡Non é tan doado ser neno!* Veremos que un mesmo título pode dar para moitas historias.



Orientacións

Para o desenvolvemento desta actividade é conveniente que a lectura do libro se faga de maneira simultánea e colectiva, reservando tempos durante a clase para ler capítulo a capítulo en voz alta. A obra préstase a iso ao estar escrita en primeira persoa e ser o protagonista un neno de 10 anos. Convidarase aos lectores a ler expresivamente intentando poñerse na pel do personaxe.

ACTIVIDADE 3

(Durante a lectura): **O BURLADOR BURLADO**

Obxectivos

- Reflexionar sobre as burlas entre compañeiros comprobando que o “ridículo”, o “vergonzoso” non é igual para todo o mundo.
- Fomentar a empatía e comprender o que sente unha persoa que é obxecto de burlas.

Descrición

Buscaremos no dicionario as palabras “burla”, “ridículo”, “humillación” e aclararemos o seu significado e o seu sentido.

Tras a lectura do capítulo 2 (...na miña clase anterior nunca ninguén rira de min por iso, porque nos coñeciamos desde sempre e non se fixarían nas miñas orellas, ou pareceríanlles normais, ou polo menos ninguén pensou que o tamaño das orellas fose motivo de risa...) preguntáselles aos nenos: ¿Por que antes non rían das súas orellas? ¿Por que agora si rin? Deberán escribir as respostas no seu caderno.

Tras a lectura do capítulo 5 (...¿por que os ollos grandes son bonitos e as orellas grandes provocan riso?) todos escribirán nos seus cadernos a resposta a esta pregunta.

Tras a lectura do capítulo 6, retomaranse estes exercicios léndoos e comentándoos entre todos.

Expoñeráse que na burla hai dous elementos: o que fai a burla e o que a sofre, nunha relación de desigualdade. Expoñeremos tamén que todo o mundo sufriu burlas algunha vez, aínda que sexa puntualmente, e que todos nos burlamos de alguén algunha vez.

Cada neno e cada nena reflexionará intentando lembrar algunha ocasión en que sufrise burlas e nunha tarxeta escribirá o porqué. Lembrará tamén algunha ocasión en que se burlase de alguén e e escribirá o porqué noutra tarxeta.

As tarxetas depositaranse en senllos sacos, un para o rol de “burlados”, outro para o rol de “burladores”. Iranse sacando alternativamente tarxetas dun e doutro saco e apuntando no encerado en columnas diferenciadas.



Finalmente comprobaremos a diversidade das respostas, a relatividade da idea do “ridículo” e, sobre todo, que todos somos vítimas e verdugos deste absurdo xogo.

Orientacións

O momento de concluír esta actividade é despois da lectura do capítulo 6.

Para traballar a expresión de emocións e sentimentos, pódense escribir nas tarxetas os sentimentos que tiñan cando eran obxecto de burla e cando eran os que se burlaban.

ACTIVIDADE 4

(Durante á lectura): **O GATO E O RATO***

Obxectivos

- Reflexionar sobre as relacións de superioridade-submisión.
- Poñerse no lugar doutros.
- Facer un exercicio de imaxinación.

Desenvolvemento:

Lese en voz alta o texto que figura nas “orientacións”, lentamente pero de forma expresiva, facendo longas pausas para sentir a situación. Os nenos e as nenas deberán interiorizar o conto e ir vivíndoo a medida que se le.

Unha vez finalizada a lectura, reflexionarase sobre que é o que ocorre nas relacións cando unha persoa está en inferioridade e outra en superioridade.

Orientacións

Antes de empezar a ler o texto pode ser conveniente facer unha pequena relaxación, sobre todo se o clima da clase está axitado nese momento.

O relato é o seguinte:

O GATO E O RATO

“Pecha os ollos e imaxina que saes deste salón e camiñas por unha beirarrúa moi longa. Chegas a unha casa abandonada. Pasas o enreixado do xardín, sobes os chanzos que hai diante da porta e empurras. Ábrese renxendo e entras nun cuarto escuro e baleiro.

----- PAUSA -----

De súpeto invádete unha estraña sensación. O teu corpo empeza a tremelicar e sentes que te vas facendo cada vez máis pequeno. Xa non chegas ao marco da fiestra. Segues empequenecendo, o teito cada vez está máis lonxe, máis alto. Xa es só do tamaño dun libro, e segues minguando.

----- PAUSA -----

Notas que agora cambias de forma. O teu nariz alóngase cada vez máis e o teu corpo énchese de pelo. Estás a catro patas e comprendes que te convertiches en rato. Ollas ao teu arredor desde a túa situación de rato, estás nun recunchiño do cuarto. Ves que a porta se abre amodo.

----- PAUSA -----

Entra un gato. Senta e mira arredor moi lentamente, con aire de indiferenza. Érguese e avanza tranquilamente polo cuarto. Quedas inmóbil, petrificado, non hai onde agocharse. Latéxache o corazón moi rápido, a túa respiración vólvese entrecortada. Ollas o gato.

----- PAUSA -----

Acaba de verte e diríxese cara a ti. Achégase amodo, moi amodo. Para diante de ti e agáchase. ¿Que sentes? ¿Que podes facer? ¿Que alternativas tes? ¿Que decides facer?

----- LONGA PAUSA -----

Xusto no momento en que o gato se dispón a lanzarse sobre ti, o seu corpo e o teu empezan a tremer. Transfórmaste de novo. Agora estás medrando. O gato parece máis pequeno e cambia de forma... agora ten o mesmo tamaño ca ti.... agora é máis pequeniño.

----- LONGA PAUSA -----

O gato transfórmase en rato e ti transfórmaste en gato. ¿Como te sentes agora que es máis grande? ¿Agora que non estás acurrulado que che parece o rato? ¿Sabes o que sente o rato? E ti, ¿que sentes agora?

Decide o que vas facer... ¡Faino! ¿Como te sentes agora?

----- PAUSA -----

Comeza a metamorfose de novo. Medras máis, e máis, recuperas a túa estatura e volves ser ti mesmo. Saes da casa abandonada, regresas a este salón. Abres os ollos e ollas ao teu redor”.

* Fonte: CASCÓN, Francisco; MARTÍN, Carlos (1997) *La alternativa del juego*. Madrid. Los libros de la Catarata.

ACTIVIDADE 5

(Despois da lectura): **COLECCIONISTA**

Obxectivos

- Experimentar a vivencia dun dos episodios do libro.
- Fomentar a creatividade literaria.
- Provocar o coñecemento entre compañeiros.
- Promover o coñecemento doutras culturas.

Descrición

Fernando, o protagonista, é afeccionado ás coleccións. Na páxina 33 explica que o seu amigo e mais el coleccionan “olas”, “adeuses” e “¿que tal estás?” en diferentes linguas. Despois, a partir do capítulo 11, comeza unha interesante colección de problemas.

Trátase de facer algunha colección similar entre toda a clase. O obxecto da nosa colección pode ser decidido polo profesor en función dos obxectivos que pretenda acadar. Tamén pode ser decidido entre todos e todas, preferentemente por consenso; esta elección pode constituír unha dinámica de resolución de conflitos en si mesma.

- Colección de “olas”, “adeuses”, “quérote”, “boa sorte”, “por favor” etc: Permitíranos aprender distintas linguas e aproximarnos a outras culturas. Empregaranse para decorar a aula, facendo carteis con eles. Unha boa ocasión para aprender a rotular e a facer carteis.
- Coleccións de problemas, historias divertidas, sustos, recordos bonitos ou tristes, de misterios da vida etc: emulamos os personaxes do libro, facilítanos un maior coñecemento entre os membros do grupo e proporciónalle ao profesor/a moita información sobre os seus alumnos.

Na clase de Plástica faremos unha caixa na que depositar os nosos escritos. No caso de que se estean a facer coleccións diferentes simultaneamente serán caixas de correo diferentes para cada tema (unha caixa para os problemas, outro para os sustos etc). Reservarase un tempo semanal para que o “carteiro” lea o que haxa na caixa perante toda a clase. As regras da caixa decidíranse entre todos (rol de carteiro rotativo entre todos os nenos, aceptación ou non de anónimos, prohibición de mensaxes ofensivas, tempo para a lectura etc).



Trala lectura, no caso dos problemas, suxeríranse solucións entre todos. Tamén se poden comentar desde o punto de vista literario fomentando que as narracións sexan cada vez máis traballadas.

Orientacións

No caso da colección de problemas é moi importante non minimizar ningún, nin tampouco dramatizar. Débeselles prestar a todos a suficiente atención para non ferir a sensibilidade dos nenos e as nenas. O/a profesor/a debe ser consciente da posibilidade de que apareza algún problema realmente serio. Nese caso deberá asumir a súa responsabilidade diante da confianza depositada polo neno/a e protexer o menor de calquera risco que poida detectar.

ACTIVIDADE 6

(Despois da lectura): **EMERXENCIA NA REDACCIÓN**

Obxectivos

- Facilitar a análise da obra identificando e comprendendo algunhas das ideas principais do libro.
- Practicar a expresión oral e escrita.
- Identificar erros e incongruencias nun texto escrito.
- Coñecer algúns aspectos do mundo editorial.

Descrición

Expónselles aos nenos e as nenas a seguinte historia: Este libro tivo tanto éxito que xa se esgotou nas librarías e van facer unha nova edición. O problema é que os ordenadores tiveron un virus que produciu erros na maqueta. Sacou unha frase de cada capítulo e púxoas todas desordenadas ao final. Ademais cambiou palabras en cada frase. Para máis males, o noso redactor está doente, así que necesitamos axuda. (Momento ideal para explicar como se fai un libro.)

Repartiranse os 23 capítulos entre os nenos e nenas, de xeito que non coincida o número de capítulo co número de lista. Pódese facer de xeito individual ou en equipos. A cada un entregaráselle unha ficha con 8 frases (ver anexos).

Tras reler detidamente o capítulo, deberán realizar as seguintes tarefas, escribíndoas nos seus cadernos:

- Discernir cal das 8 frases da ficha corresponde a ese capítulo.
- Detectar o erro cometido na frase extraviada comparándoa coa orixinal.
- Explicar a situación á que corresponde a frase orixinal (a quen ou que se refire, cando e por que se di iso, con que intención).
- Comentar en que muda o sentido da frase debido ao erro.
- Expresar a súa opinión persoal sobre a frase.

A seguir, póñense todos en fila por orde de lista. O primeiro da lista le a súa frase errónea, indica en que capítulo do libro se atopa a orixinal, explica a situación e comenta o erro. O segundo da fila fai o mesmo. Se a súa frase figura no libro antes ca a do primeiro da fila, este debe cederlle o sitio e colocarse segundo. Le o terceiro, se a súa frase é



anterior á dos outros dous, deberán cederlle o primeiro posto. Se é posterior, non se moverá. Se é intermedia colocarse entre ambos. A dinámica continuará ata que todos lean a súa frase e estean colocados na orde correcta.

Compróbanse e corríxense os erros e de novo cada neno, agora si por orde, explica a situación á que correspondía a súa frase. Deste modo teremos a evocación do libro enteiro.

Orientacións

Pódese expoñer en dúas partes diferentes. Unha primeira sesión (en clase ou na casa) para atopar a frase no libro, detectar o erro e saber explicar a situación. Nunha segunda sesión desenvolveremos o xogo da ringleira que, dependendo da capacidade de expresión dos/as nenos/as, pode levarnos toda unha hora lectiva.

Incluíronse tres frases do capítulo 7 (ficha 2), en vez dunha soa, debido á súa importancia. Pódese adxudicar este capítulo a un neno ou a unha nena especialmente dotado/a ou a tres diferentes e, dese xeito, dispoñeremos de material para 25 participantes. Outra opción é eliminar as dúas frases sobrantes.

ACTIVIDADE 6. ANEXO 1:

LISTA DE FRASES CORRECTAS PARA USO DOS/AS PROFESORES/AS

–No sei se se di “problemas” ou “poblemas”. ¿Sábelo ti?

–Si, é moi sinxelo. “Problemas” son os de matemáticas e “poblemas” son os que temos ti e mais eu.

Capítulo 1. p. 10

Na clase na que estaba o curso pasado ninguén se rira nunca de min por iso, xa nos coñeciamos desde sempre e se cadra non se fixaran nas miñas orellas, ou poida que lles pareceran normais. O certo é que ninguén pensara que o tamaño das orellas fose motivo de risa.

Capítulo 2. p. 20

¡Meu pai tiña as orellas enormes! ¡Tíñaas grandes e botadas para adiante! ¿E quería que eu lle contase o meu problema? ¡Pero se a el lle pasaba outro tanto e nin se decatara! Non quería amargarlle a existencia.

Capítulo 3. p. 25

Así pasei o día enteiro. Eles coas súas burlas. Eu a piques de chorar e desexando que comezase algo distinto e, cando comezaba, desexando que rematase.

Capítulo 4. p. 31

Ou pides axuda ou ti mesmo reflexionas e procuras solucións.

Capítulo 5. p. 38

Os problemas de Eduardo e os meus NON tiñan solución, porque el non podía facer que o seu corpo medrase e eu non podía facer minguar as miñas orellas.

Capítulo 6. p. 45

Deixei de xogar á hora do recreo. Dexei de falar cos meus compañeiros na clase. Deixei de ir ao parque polas tardes. Dexei de estudar. Vaites, que o deixei todo, e non tiña ganas de falar nin sequera na miña casa.

Capítulo 7. p. 47

...Pedriño ía só e eu acompañado, porque fixo coma quen que non me vía. Estaba claro que necesitaba o seu grupiño para atacar.

Capítulo 7. p. 49

Pescudaría cales eran os seus defectos para rirme deles. Esa podía ser a solución aos meus problemas.

Capítulo 7. p. 51

Outros da clase xa non rían coma ao principio, pero tampouco non me defendían.

Capítulo 8. p. 54

Eu nin a paus lles quería dicir que se rían de min por ter as orellas enormes. Porque se fose por iso, meu pai non sairía traballar...

Capítulo 9. p. 60

¿Quería dicir o que eu imaxinei ou volvérame tolo e estaba sempre a imaxinar o mesmo?

Capítulo 10. p. 64

Aínda que as cousas non me ían moi ben, pensei que esa era unha parte positiva da miña vida: ter un tío "lambeteiro".

Capítulo 11. p. 71

Hai que afrontarse aos problemas para que con eles non se faga unha bóla problemática tan grande, que se che poida poñer enriba e chucharche os miolos por completo.

Capítulo 12. p. 77

a infancia é o más bonito da vida... ¡¡SOCORRO!! ¿COMO SERÁ O RESTO?

Capítulo 13. p. 80

Aínda que as casas eran moi pequenas, vivía cantidade de xente. Na miña, os pisos eran máis grandes, pero en cada casa viviamos moitos menos [...] paradoxos da vida.

Capítulo 14. p. 87



¿Quen non se sentiría parvo de remate por preocuparse tanto polo superpequeno problema de ser orelludo?

Capítulo 15. p. 91

...tiña dúas casas, dous pais e dúas nais e estaba tan contento.

Capítulo 16. p. 95

Pois eu prefiro que me falen aínda que sexa para dicirme Clara, bazuncho. Creo que é mellor que ser transparente.

Capítulo 17. p. 101

Dicía que desde que tiña amigos xa non lle importaba... e como non lle importaba nada, parecía que a Pedriño xa non lle divertía tanto...

Capítulo 18. p. 104

...comezar a golpes con Pedriño Lucendo e os seus amigos e cos do resto da clase, se se poñían tamén da súa parte... A paus, ía conseguir acabar coas burlas.

Capítulo 19. p. 109

...denunciar o problema e pedir axuda e non podían quedar calados e sufrir en silencio.

Capítulo 20. p. 116

...foi MOI emocionante ver como me defendían os meus compañeiros.

Capítulo 21. p. 121

Miña nai dixo que ás veces se sofre por cousas que logo de maior se ve que son auténticas parvadas.

Capítulo 22. p. 125

Que se aburriron e o tema das miñas orellas pasou ao esquecemento en menos dunha semana.

Capítulo 23. p. 128

ACTIVIDADE 6, ANEXO 2:

FICHAS CON FRASES ERRÓNEAS PARA USO DOS ALUMNOS

FICHA 1: CAPÍTULOS 1, 2, 3 e 4

Dicía que desde que tiña amigos xa lle importaba... e como lle importaba, pois parecía que a Pedriño lle divertía tanto...

Así pasei todo o día. Eles coas súas burlas. Eu a piques de chorar e desexando que empezara algo distinto e, cando empezaba, desexando que seguise.

¿Quen non se sentiría parvo parvísimo por preocuparse tanto polo enorme problema de ser orelludo?

¡Meu pai tiña as orellas enormes! ¿E quería que eu lle contase o meu problema? ¡Pero se a el lle pasara o mesmo e non se decatara! Non quería amañarlle a existencia.

¿Quería dicir o que eu imaxinei ou volvérame tolo e sempre imaxinaba outra cousa?

–Non sei se se di “problemas” ou “poblemas”. ¿Sábelo ti?

–Si, é moi sinxelo. “Poblemas” son os de matemáticas e “problemas” son os que temos ti e mais eu.

Pescudaría cales eran as súas virtudes para rirme deles. Esa podía ser a solución aos meus problemas.

...na miña clase anterior nunca ninguén se rira de min por iso, porque nos coñeciamos desde sempre e non se fixarían nas miñas orellas, ou pareceríanlles normais, ou polo menos ninguén pensou que a cor das orellas fose motivo de risa...



FICHA 2: CAPÍTULOS 5, 6, 7 e 8.

Pescudaría cales eran as súas virtudes para rirme deles. Esa podía ser a solución aos meus problemas.

Miña nai dixo que ás veces se sofre por cousas que logo de maior se ve que son auténticas barbaridades.

Outros da clase xa non rían como ao principio, pero tampouco me atacaban.

Pedriño ía acompañado e eu só, fixo coma que non me vía. Estaba claro que necesitaba o seu grupiño para atacar.

Os problemas de Eduardo e os meus tiñan solución, porque el podía facer crecer o seu corpo e eu podía facer minguar as miñas orellas.

¡Meu pai tiña as orellas enormes! ¿E quería que eu lle contase o meu problema? ¡Pero se a el lle pasara o mesmo e non se decatara! Non quería amañarlle a existencia.

Deixei de xogar á hora do recreo. Deixei de falar cos meus compañeiros. Deixei de ir ao parque polas tardes. Deixei de estudar. Vamos, que o dexei todo, e só tiña ganas de falar na miña casa.

...tiña dúas casas, dous pais e dúas nais e estaba tan triste.

Ou pides axuda o ti mesmo pelexas e buscas solucións.



FICHA 3: CAPÍTULOS 9, 10, 11 e 12.

Non se aburriron e o tema das miñas orellas quedou no esquecemento nunha semana.

Hai que afrontarse aos problemas para que con eles non se faga unha bóla enerxética tan grande que se che poida poñer enriba e chucharche os miolos por completo.

Aínda que as casas eran moi grandes, vivía cantidade de xente. Na miña, os pisos eran máis pequenos, pero en cada casa viviamos moitos menos.... paradoxos da vida.

– Non sei se se di “problemas” ou “poblemas”. ¿Sábelo ti?

–Si, é moi sinxelo. “Poblemas” son os de matemáticas e “problemas” son os que temos ti e mais eu.

¿Quería dicir o que eu imaxinei ou volvérame tolo e sempre imaxinaba outra cousa?

...empezar a bicos con Pedriño Lucendo e cos seus amigos e cos do resto da clase, se se poñían da súa parte... A bicos, ía conseguir acabar coas burlas.

Eu nin tolo lles quería dicir que rían de min por ter as orellas enormes. Porque se fose por iso, meu pai sairía traballar...

Aínda que as cousas non me ían moi ben, pensei que esa era unha parte negativa da miña vida: ter un tío “lambeteiro”.

FICHA 4: CAPÍTULOS 13, 14, 15 e 16.

Outros da clase xa non rían como ao principio, pero tampouco me atacaban.

...tiña dúas casas, dous pais e dúas nais e estaba tan triste.

Aínda que as casas eran moi grandes, vivía cantidade de xente. Na miña, os pisos eran máis pequenos, pero en cada casa viviamos moitos menos.... paradoxos do mundo.

...debían denunciar o problema e pedir reforzos e non podían quedar calados e sufrir en silencio.

...na miña clase anterior nunca ninguén se rira de min por iso, porque nos coñeciamos desde sempre e non se fixarían nas miñas orellas, ou pareceríanlles normais, ou polo menos ninguén pensou que a cor das orellas fose motivo de risa...

¿Quen non se sentiría parvo rematado por preocuparse tanto polo enorme problema de ser orelludo?

Aínda que as cousas non me ían moi ben, pensei que esa era unha parte negativa da miña vida: ter un tío que vendía lambetadas.

se a infancia é o máis terrible da vida... ¡¡SOCORRO!! ¿COMO SERÁ O RESTO?



FICHA 5: CAPÍTULOS 17, 18, 19 e 20.

...foi MOI emocionante ver como me agredían os meus compañeiros.

...empezar a bicos con Pedriño Lucendo e cos seus amigos e cos do resto da clase, se se poñían da súa parte... A bicos, ía conseguir acabar coas burlas.

Eu nin tolo lles quería dicir que rían de min por ter as orellas enormes. Porque se fose por iso, meu pai sairía traballar...

Dicía que desde que tiña amigos xa lle importaba... e como lle importaba, pois parecía que a Pedriño lle divertía tanto...

Así pasei todo o día. Eles coas súas burlas. Eu a piques de chorar e desexando que empezara algo distinto e, cando empezaba, desexando que seguise.

Os problemas de Eduardo e os meus tiñan solución, porque el podía facer crecer o seu corpo e eu podía facer diminuír as miñas orellas.

...debían denunciar o problema e pedir reforzos e non podían quedar calados e sufrir en silencio.

Pois eu non prefiro que me falen aínda que sexa para dicirme Clara pequerrechiña. Creo que é peor que ser transparente.



FICHA 6: CAPÍTULOS 21, 22 e 23.

Ou pides axuda ou ti mesmo pelexas e buscas solucións.

Miña nai dixo que ás veces se sofre por cousas que logo de maior se ve que son auténticas barbaridades.

Pois eu non prefiro que me falen aínda que sexa para dicirme Clara bazuncho. Creo que é peor que ser transparente.

Se a infancia é o máis terrible da vida... ¡¡SOCORRO!! ¿COMO SERÁ O RESTO?

Non se aburriron e o tema das miñas orellas pasou ao esquecemento nunha semana.

... na miña clase anterior nunca ninguén se rira de min por iso, porque nos coñeciamos desde sempre e non se fixarían nas miñas orellas, ou pareceríanlles normais, ou polo menos ninguén pensou que a cor das orellas fose motivo de risa...

...foi MOI emocionante ver como me agredían os meus compañeiros.

Pedriño ía acompañado e eu só, fixo coma quen que non me vía. Estaba claro que necesitaba o seu grupiño para atacar.
